



## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO

Aprobado polo Consello de Goberno do 26 de abril de 2018

### PREÁMBULO

O presente regulamento do Departamento de Dereito Público vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004 de 13 de maio (D.O.G. de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (D.O.G. de 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e organización do Departamento de Dereito Público fica enmarcada na normativa aplicábel á Universidade da Coruña e rexerese polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento, e, finalmente, polo presente Regulamento de réxime interno.

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización do Departamento de Dereito Público.

#### Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento é de aplicación ao Departamento de Dereito Público da Universidade da Coruña, que está constituído polas seguintes Áreas de coñecemento: Dereito Administrativo, Dereito Constitucional, Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dereito Financeiro e Tributario, Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais, Dereito Penal, Dereito Procesual e Dereito Romano, e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros del.

#### Artigo 3. Natureza

O Departamento de Dereito Público é a unidade de docencia e investigación que coordina as ensinanzas do seu ámbito de coñecemento en todos os Centros nos que estean presentes unha ou máis das Áreas que o compoñen, de acordo coa programación docente da Universidade, apoia as actividades docentes e investigadoras do PDI e desenvolve todas as demais funcións que lle sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.



## TÍTULO PRIMEIRO

### CONSTITUCIÓN E ADSCRICIÓN

#### Artigo 4. Constitución

O Departamento de Dereito Público constituirase polas Áreas sinaladas no artigo 2, agrupando o persoal docente e investigador (PDI) correspondente a estas, e o persoal de investigación, bolseiros/as de investigación, estudantes e o persoal de administración e servizos que estean adscritos a el.

#### Artigo 5. Adscrición

1. A adscrición inicial do PDI ao departamento farase de acordo coa convocatoria da praza correspondente. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordada polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada, e logo do informe do Departamento de Dereito Público e do outro Departamento afectado.

2. Consente á maior carga docente do seu profesorado, a sede do Departamento de Dereito Público establécese na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

## TÍTULO SEGUNDO

### ORGANIZACIÓN

#### CAPÍTULO 1. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

#### Artigo 6. Composición

1. O consello do Departamento de Dereito Público é seu órgano colexiado de goberno, e está integrado polas seguintes persoas:

- 1) Director ou Directora, que o presidirá e dará orde de convocalo.
- 2) Secretario ou Secretaria.
- 3) Todos as persoas doutoras vinculadas por relación funcional, laboral ou bolseira á Universidade, e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor/a e a tempo completo integrados no Departamento.
- 4) Unha representación, que suporá o 5 % do total de membros do Consello de Departamento, do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia, sempre que estean integrados no Departamento.
- 5) Unha representación do estudantado do ámbito da docencia do Departamento que suporá un 28 %, dos que, de ser o caso, o 40 % corresponderá aos estudantes de doutoramento.



6) Un/unha representante do persoal de administración e servizos adscrito ao Departamento.

2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento electoral da Universidade.

#### Artigo 7. Competencias

É competencia do Consello de Departamento:

- a) Elixir o director ou directora e, de ser o caso, revogalo/a.
- b) Emitir informe, para a súa elevación ao Consello de Goberno, sobre a constitución ou supresión de seccións departamentais no seu seo.
- c) Elixir aos responsables das seccións departamentais entre e por proposta do PDI adscrito ás mesmas
- d) Elixir aos membros da Comisión Permanente.
- e) Programar as actividades docentes e investigadoras do departamento, elaborar o seu plan de organización docente, e propoñer os programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.
- f) Formular as demandas do persoal docente e investigador.
- g) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito académico.
- h) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.
- i) Propoñer nomeamentos de Doutores ou Doutoradas *honoris causa*.
- j) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- k) Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.
- l) Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas.
- m) Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e os Estatutos.

#### Artigo 8. Da Comisión Permanente

1.- O Consello de Departamento poderá crear unha Comisión Permanente en que poderá delegar o exercicio dalgunha das súas competencias, agás as que non poidan ser obxecto de delegación.



2.- Os acordos adoptados en Comisión Permanente deberán ser comunicados ao Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria que realice.

3.- A Comisión Permanente estará integrada polas seguintes persoas :

- 1) A que ostente a Dirección do Departamento que presidirá a Comisión .
- 2) A que ostente a Secretaria do Departamento que realizará as funcións de Secretario/a.
- 3) As persoas coordinadoras das seccións departamentais , de existiren.
- 4) Unha persoa en representación de cada Área de Coñecemento non constituída como sección departamental, elixida polo Consello de Departamento a proposta da Área.
- 5) Un/unha estudante, elixido por e entre os representantes do sector de estudantado do Consello de Departamento.
- 6) Unha persoa en representación do persoal de administración e servizos adscrito ao Departamento.

4.- A Comisión Permanente renovará os seus membros cada dous anos.

## Artigo 9. Das comisións de estudo e asesoramento

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio verbo de cuestións que afecten ao conxunto do Departamento. O acordo de creación determinará as súas funcións e composición.

## CAPÍTULO 2. DA DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO

### Artigo 10. Elección

1.- Poderá ser candidato ou candidata á dirección do departamento o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento de Dereito Público na forma prevista no Regulamento Electoral Xeral da Universidade da Coruña. A persoa elixida será nomeada polo/a reitor/a .

2.- De non se poder efectuar o nomeamento do director ou directora do Departamento de Dereito Público por falta de candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento, o/a reitor/a encargalle provisionalmente as funcións de dirección a un ou unha dos profesores e profesoras do departamento , de preferencia o/a de maior categoría e, dentro dela, maior antigüidade na toma de posesión.



3.- A duración do mandato será de catro anos. O máximo de mandatos consecutivos da Directora ou do Director do departamento de Dereito Público será de dous.

4.- O Director ou Directora do Departamento de Dereito Público cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que recolle o art. 12.

5.- En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo PDI, con vinculación permanente e dedicación a tempo completo adscrito ao departamento, de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade na toma de posesión.

## Artigo 11. Funcións

Correspóndelle ao Director ou Directora do Departamento de Dereito Público:

- 1) Exercer a representación do Departamento.
- 2) Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos.
- 3) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- 4) Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do Departamento.
- 5) Promover contratos, de acordo co previsto na Lei e nos Estatutos.
- 6) Executar as previsións orzamentarias.
- 7) Propor ao/á reitor/a o nomeamento, entre o profesorado adscrito ao Departamento, da persoa que vaia desempeñar a Secretaría deste.
- 8) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

## Artigo 12. Da censura ao director ou directora do Departamento

1.- A censura do director ou directora do Departamento de Dereito Público poderá presentarse sempre que veña asinada por un terzo dos membros do Consello, e deberá incluír o nome da persoa que asumirá a Dirección en caso de ser aprobada, quen tamén deberá asinar o escrito de presentación.

2.- Presentado o escrito coas condicións que retire o parágrafo anterior, convocarase sesión extraordinaria do Consello de Departamento no termo de 7 días. Na orde do día figurará exclusivamente "Debate e votación da censura do Director/a do Departamento de Dereito Público"



3.- A sesión extraordinaria á que se refire o parágrafo anterior será presidida polo membro do Consello de maior idade, e actuará como secretario ou secretaria a persoa de menor idade dos membros do Consello, excluindo para tales funcións ao Director ou Directora e ao Secretario ou Secretaria, así como á persoa que figure como candidata á Dirección no escrito de censura.

4.- Aberta a sesión concederáse o uso da palabra, por tempo non superior a dez minutos á persoa que figure como primeira asinante do escrito de presentación da censura e por idéntico tempo ao director ou directora censurado/a.

5.- A continuación procederáse á votación, que se realizará por chamamento nominal, votándose en urna, na que se introducirán papeletas previamente preparadas pola UADI nas que figurará unicamente a seguinte lenda: "Está de acordo coa censura presentada ao Director/a do Departamento de Dereito Público?" e, baixo ela, as opcións "SI" e "NON", e a carón delas un recadro en branco no que poder riscar un X.

6.- A censura entenderáse aprobada cando os votos SI sexan, como mínimo, a maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento de Dereito Público. A persoa candidata entenderáse, en tal caso, investida novo Director ou Directora do Departamento, o que se comunicará á Reitoría aos efectos do seu nomeamento.

7.- No caso de non obterse a maioría absoluta dos votos favorábeis á censura, os seus asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

## CAPÍTULO 3. DA SECRETARÍA DO DEPARTAMENTO

### Artigo 13. Nomeamento

1.- A persoa que vaia desempeñar a Secretaría do Departamento de Dereito Público será nomeada polo/a reitor/a, por proposta do seu director ou directora, de entre o profesorado do Departamento que teñan dedicación a tempo completo.

2.- O cesamento do secretario ou secretaria produciráse por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a reitor/a, por proposta da persoa titular da dirección do departamento.

### Artigo 14. Funcións

A Secretaría do Departamento de Dereito Público ten como función redactar as actas das sesións, custodiar a documentación do Departamento e expedir certificacións, ben como calquera outra función que lle fose delegada polo director ou directora do Departamento ou encomendada polas disposicións vixentes e os Estatutos.



## CAPÍTULO 4. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

### Artigo 15. Creación e Supresión

1.- Por proposta do profesorado interesado dunha mesma Área de Coñecemento ou ámbito de coñecemento, e logo do informe do Consello de Departamento, o Consello de Goberno poderá crear seccións departamentais no Departamento de Dereito Público cando así o aconsellaren razóns xeográficas ou o elevado número de PDI adscrito ao Departamento.

2.- O Consello de Departamento de Dereito Público, por proposta do profesorado interesado dunha sección departamental constituída no seu seo, poderá informar a solicitude de supresión da mesma, elevando a súa resolución ao Consello de Goberno

### Artigo 16. Organización

1.- Cada sección departamental deberá contar como mínimo con tres PDI. Porén, só terán dereito á redución prevista no parágrafo seguinte os coordinadores ou coordinadoras daquelas seccións departamentais que agrupen, como mínimo, dez PDI permanentes a tempo completo, incluíndo quen teña compromiso de permanencia.

2.- De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsábel que terá dereito a unha redución da súa carga docente con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro no que imparta docencia.

### Artigo 17. Competencias

Alén das que lle delegar o Consello de Departamento, cada sección exercerá, polo menos, as competencias seguintes:

- a) Propor ao Consello de Departamento, por acordo da sección, as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos da Universidade da Coruña. A proposta de convocatoria incluirá, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
- b) Propor ao Consello o Plano de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.



## TÍTULO TERCEIRO

### NORMAS DE FUNCIONAMENTO

#### Artigo 18. Convocatorias e sesións

1.- O Consello de Departamento poderase constituír e realizar as súas sesións tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medias electrónicas, sempre que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se producen as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.

2.- Para a válida constitución do Consello de Departamento requirirase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia, das persoas titulares da Dirección e da Secretaría (ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan) e de polo menos, a metade dos seus membros . De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria, despois dun lapso mínimo de 15 minutos, coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a Dirección e a Secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

3.- As convocatorias serán remitidas aos membros do Consello de Departamento cunha antecedencia mínima de dous días hábiles, a través de medios electrónicos , incluíndo a orde do día e a correspondente documentación ou as instrucións para acceder a esta, ben como o día, hora e lugar da sesión e o sistema de conexión para a asistencia a distancia.

4.- Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse invitar ás sesións do Consello, da Comisión Permanente ou dunha Comisión de Estudo ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.

5.- A orde do día da sesión será fixada pola persoa titular da Dirección do Departamento tomando en conta as solicitudes realizadas polos demais membros. Calquera proposta de inclusión dun asunto na orde do día dun Consello de Departamento deberá ser tratada nalgún dos tres seguintes Consellos que se convocaren ou nun prazo non superior a 40 días, o que antes se verifique , e sempre e cando o asunto sexa competencia do Consello de Departamento.

#### Artigo 19. Votación e adopción de acordos

1.- Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que asistan todos os membros do Consello ou Comisión de que se tratar e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorábel da maioría absoluta. Tampouco se poderán adoptar acordos nos puntos da orde do día correspondentes a «informes» ou «quenda aberta de intervencións» .





2.- Os acordos serán adoptados por maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións, agás que neste regulamento ou en disposicións de superior rango se especificar unha maioría distinta. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do director ou directora.

3.- Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de máximo de dous días contados desde o remate da sesión.

## Artigo 20. Actas e gravacións

1.- O secretario ou secretaria redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento e das Comisións. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias xustificadas, a orde do día, e as circunstancias de lugar e tempo da reunión, fará referencia sucinta ás deliberacións e dará conta dos acordos adoptados.

2.- Poderanse gravar as sesións do Consello de Departamento de Dereito Público. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola persoa titular da Secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello.

3.- A acta de cada sesión aprobarase na mesma ou na seguinte reunión do Consello de Departamento ou das Comisións. Con tal fin, a persoa titular da Secretaria elaborará a acta co visto e prace do Director ou Directora e remitiráa a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, ou expor as súas consideracións na sesión en que deba aprobarse a acta.

## Artigo 21. Aplicación analóxica

Cando non existiren previsións sobre o funcionamento do resto de órganos colexiados do Departamento de Dereito Público distintos do seu Consello, as normas que rexen para este aplicaranse a aqueles analoxicamente.



## TÍTULO CUARTO

### REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 22. Iniciativa de reforma do regulamento do Departamento de Dereito Público

Poderán propor a reforma do presente regulamento:

1. Un terzo dos membros do Consello de Departamento de Dereito Público. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á Director/a.
2. O Director ou a Directora do Departamento de Dereito Público

Artigo 23. Tramitación da reforma do regulamento do Departamento de Dereito Público.

O texto da proposta de reforma será enviado pola persoa titular da Secretaría do Departamento de Dereito Público, de orde do director ou directora, aos membros do Consello, que disporán de quince días naturais desde a súa remisión para presentaren emendas. Transcorrido este prazo, e no termo de 7 días, convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

Artigo 24 . Aprobación da reforma do Regulamento do Departamento de Dereito Público

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

Única. Disponibilidade dos medios técnicos

A aplicación das previsións contidas no presente regulamento relativas á asistencia a distancia e á gravación das sesións dos órganos colexiados do Departamento de Dereito Público será acordada polo Consello de Departamento, atendendo á disponibilidade dos medios técnicos adecuados.

### DISPOSICIÓN FINAL

Única. Entrada en vigor

O presente regulamento, trala aprobación do Consello de Goberno, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.